

Resolución do 28 de decembro de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convoca o programa para o mantemento e a incorporación de centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades á rede de centros de capacitación dixital da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), no marco do compoñente 19, ten como obxectivo a creación dunha rede de centros de capacitación dixital con orzamento dos exercicios económicos 2022 e 2023.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional ditou con data 5 de decembro de 2022 a través da Secretaría Xeral de Formación Profesional unha resolución pola que se concedeu á Comunidade Autónoma de Galicia a cantidade de 1.545.500,00 euros dos orzamentos xerais do Estado 2022, para o financiamento da creación dunha rede de centros de capacitación dixital. Mediante Resolución do 2 de xuño de 2023, a Dirección Xeral de Formación Profesional estableceu 55 aulas de capacitación dixital en centros públicos que imparten educación de persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de acadar a formación en competencias dixitais de 2.815 persoas antes do 31 de decembro de 2023.

Con data 21 de xuño de 2023, o Ministerio de Educación e Formación Profesional ditou a través da Secretaría Xeral de Formación Profesional unha resolución pola que se concede á Comunidade Autónoma de Galicia a cantidade de 1.532.835,92 euros, da aplicación orzamentaria 18.5005.32SA.450.50, dos orzamentos xerais do Estado 2023, para o financiamento da creación dunha rede de centros de capacitación dixital. Para o exercicio orzamentario 2023, o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia é manter os 55 centros financiados coa distribución de crédito do exercicio 2022 e formar a 2.792 persoas. Así mesmo, poderanse crear adicionalmente ata un 30% de novos centros.

De conformidade co artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, previo á conferencia sectorial, aprobouse no Consello de Ministros, con data 3 de maio de 2023, o acordo polo que se autoriza a proposta de distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados polas comunidades autónomas, no exercicio orzamentario 2023, destinados á creación dunha rede de centros de capacitación dixital.

A creación da rede de capacitación dixital é unha iniciativa conxunta do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, o Ministerio de Educación e Formación Profesional en colaboración coas consellerías de educación das Comunidades Autónomas.

A actuación supón o mantemento e a incorporación de centros sostidos con fondos públicos, con espazos/aulas específicas dedicados á capacitación dixital da cidadanía, nos que poida

"Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU"



impartirse unha formación de carácter non formal asociada, entre outras posibles, a unha cualificación de nivel 2 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

O Plan Nacional de Competencias Dixitais ten como obxectivo establecer os medios para que toda a poboación española adquira aquelas capacidades dixitais que lles permitan interactuar como usuarios independentes con entidades financeiras, administracións, organismos e outras entidades, así como abrir oportunidades para complementar nos sistemas educativo e formativo ditas capacidades como instrumento ordinario de traballo. No marco deste compoñente desenvólvese a creación dunha rede de aulas de capacitación dixital, medida para acercar a oferta formativa a toda a cidadanía a través daqueles centros que permitan, pola súa proximidade e facilidade de acceso, facer unha oferta atractiva de capacitación dixital, con especial atención aos sectores de poboación máis vulnerables.

A Rede de Centros de Capacitación Dixital (Aulas) permitirá á cidadanía formarse en competencias dixitais transversais necesarias para desenvolverse de forma cotiá nunha sociedade cada vez máis dixitalizada, na que servizos esenciais, tales como a banca, o acceso ás administracións públicas ou o consumo realízase de forma telemática, excluindo de facto a un sector da poboación que, ben pola súa idade, polo seu baixo nivel de formación, ou pola súa vulnerabilidade, carecen das competencias dixitais necesarias, situándoos en clara inferioridade respecto da poboación xeral e empeorando de forma significativa a súa calidade de vida. Eses centros van ofrecer, oportunidades de formación con independencia do lugar de residencia ou formación previa das persoas e facilitando, por tanto, un acceso a unha formación compatible coas obrigacións da cidadanía derivadas de distintas condicións persoais, laborais ou sociais.

Esta actuación pon ao servizo da cidadanía as infraestruturas e dotacións dos centros dependentes das administracións educativas a través da dedicación de aulas, e outros espazos con dotación de servizo educativo, para as actuacións de capacitación dixital. A este respecto quedarían a disposición desta actuación os centros que imparten educación para persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia, cunhas dotacións, servizos e horarios adaptados a este tipo de actividades, así como o resto dos centros nos que puidese dispoñerse de aulas.

A Dirección Xeral de Formación Profesional pretende impulsar e favorecer as actuacións de promoción dos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que imparten ensinanzas para persoas adultas así como formación profesional en réxime de persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral de Formación Profesional

"Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU"



RESOLVE:

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

A presente resolución ten por obxecto convocar o programa para o mantemento e a incorporación de centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades á rede de centros de capacitación dixital da Comunidade Autónoma de Galicia e establecer as bases para a súa participación.

Segundo. Destinatarios

- a) Os centros educativos que forman parte da rede de capacitación dixital creada no 2023, que deberán presentar a solicitude conforme o anexo I.
- b) Os restantes centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que imparten ensinanzas para persoas adultas e centros de formación profesional que imparten formación en réxime de persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia, que deberán igualmente presentar solicitude conforme o anexo I.

Poderán seleccionarse ata un máximo de 16 centros do apartado b). A orde de prelación para a selección dos centros deste apartado será a seguinte:

- 1. Ser un centro que imparte educación para persoas adultas. O criterio de selección dentro deste punto será o número de persoas matriculadas en educación para persoas adultas no día seguinte ao de finalización do prazo de solicitudes.
- 2. Ser un centro que imparte formación profesional en réxime de adultos. O criterio de selección dentro deste punto será o número de persoas matriculadas no réxime de persoas adultas no día seguinte ao de finalización do prazo de solicitudes.

En caso de empate nos puntos anteriores terán prioridade os centros situados en localidades onde non exista un centro de capacitación dixital establecido no apartado a). De persistir o empate o criterio será o maior número de mulleres matriculadas en ensinanzas para persoas adultas.

Terceiro. Definición do programa

- 1. A Dirección Xeral de Formación Profesional determinará os centros que formarán parte da rede de capacitación dixital no ano 2024 co obxectivo de acadar o compromiso de formar a 2.792 persoas antes do 31 de decembro de 2024. Estes centros pasarán a ter a consideración de

"Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU"



centros pertencentes á rede nacional de centros de capacitación dixital, sen prexuízo da súa condición xurídica, titularidade e funcións.

2. Os centros manterán ou incorporarán espazos denominados de capacitación dixital adicados á capacitación da cidadanía nos que poida impartirse unha formación de carácter non formal asociada a unha cualificación de nivel 2 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

3. Na creación dos centros se garantirá a adaptabilidade dos mesmos, atendendo aos seguintes aspectos:

a) En canto á adaptación de espazos:

- Poderán reacondicionar os espazos destinados á creación de centros de capacitación dixital, entendéndose como tales adaptacións de espazos non estruturais, imprescindibles para o bo funcionamento do centro.
- Contarán con espazos escalables, configurables en función das necesidades temporais. Espazos que se irán engadindo, adaptados ás necesidades que poidan configurarse segundo as necesidades de cada momento.

b) En canto á conectividade de espazos:

- Estarán conectados con banda ancha ultra rápida, WIFI, fibra óptica.
- Deberán contar con condicións adecuadas de acústica e iluminación.
- Deberán contar con software ofimático.
- Deberán contar con mobiliario por zonas de traballo e deseño Wall-Art.

c) En canto ao equipamento co que debe contar o novo espazo creado, indícanse a continuación, os elementos subvencionables:

- Elementos dixitais de presentación da información.
- Pantalla táctil.
- Proxector de alta calidade.
- Pizarra colaborativa que permite ao docente escribir e compartir contidos en remoto e presencial.
- Plataformas de colaboración.
- Impresoras e computadores.
- Materiais didácticos on-line.

Os materiais do programa formativo asociado á cualificación profesional IFC748_2 de Dixitalización aplicada ao entorno profesional serán postos a disposición dos centros da rede de capacitación dixital da Comunidade Autónoma de Galicia.

"Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU"



Os centros de capacitación creados poderán contar con outros elementos necesarios en función das especialidades e familias profesionais.

Cuarto. Solicitudes e prazo de presentación

Os centros educativos presentarán unha solicitude por cada proxecto (Anexo I).

A solicitude presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A), dirixida á Dirección Xeral de Formación Profesional. Para a presentación do programa poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>). Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico educadultos@edu.xunta.gal nos prazos establecidos para a presentación.

As solicitudes de participación presentaranse no prazo de vinte días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Quinto. Comisión de selección

As solicitudes presentadas serán valoradas por unha comisión presidida polo subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas, ou persoa en quen delegue, e integrada por dúas persoas que actuarán como vogais, elixidas entre os funcionarios que prestan servizos na Dirección Xeral de Formación Profesional desenvolvendo postos coa categoría de subdirección xeral, xefatura de servizo ou asesor/a docente. Desenvolverá as labores de secretaría unha persoa funcionaria desta consellería, que actuará con voz pero sen voto.

Sexto. Orzamento e dotación económica

"Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU"

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



O importe total destinado para esta convocatoria será de 1.532.835,92 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.07.422M.640.25.

Expediente de tramitación anticipada de gasto, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, conforme ao proxecto de Lei de Orzamentos para o exercicio 2024, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 18 de outubro de 2023, e ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Esta actuación está financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea a través de fondos NextGenerationEU, no marco do compoñente 19 "Plan Nacional de Competencias Dixitais" do PRTR.

Sétimo. Criterios para o reparto económico

Unha vez priorizados os gastos de profesorado, servizos extraordinarios fóra da xornada normal de traballo , para o desenvolvemento dos cursos de capacitación dixital, o orzamento a adxudicar aos centros seleccionados realizarase como segue:

- Ata un máximo de 28.100 euros para aqueles centros que non contén con persoal docente con destino no centro que imparta a formación.
- Ata un máximo de 23.100 euros para aqueles centros que contén con persoal docente con destino no centro que imparta a formación.
- Posibilidade de habilitar unha aula ou unha segunda aula de capacitación dixital atendendo ao establecido no punto 3 do apartado terceiro da presente resolución.

Oitavo. Resolución

"Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU"

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



A comisión de selección, unha vez valoradas as solicitudes presentadas, realizará unha proposta de resolución desta convocatoria, que elevará a Directora Xeral de Formación Profesional, quen ditará resolución.

A resolución de centros seleccionados publicárase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Noveno. Gastos elixibles

1. Gastos directos en bens e servizos, tramitados mediante externalizacións, que poidan vincularse indubidablemente coa actuación, incluíndo obras de adaptación non estruturais, conectividade e equipamento.
2. Gastos de persoal que impartirán a formación, entendendo que, ao tratarse de formación non formal, non require a súa impartición por docentes.
3. Gastos relacionados co programa formativo e cos materiais didácticos necesarios.
4. Campañas de sensibilización e plans de comunicación.

Décimo. Obrigas dos centros educativos integrantes da rede de capacitación dixital

1. Os centros educativos participantes nesta actuación deberán achegar a documentación que lles sexa requirida para a necesaria xustificación das operacións por parte da Dirección Xeral de Formación Profesional.
2. Seguir as instrucións relativas á xustificación económica e técnica que serán postas a disposición da rede de capacitación dixital a través da plataforma prevista para tal efecto.
3. Facer mención da orixe do financiamento e velar por darlle visibilidade cumprindo coas medidas de información, comunicación e visibilidade.

De conformidade co artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os perceptores de fondos da Unión Europea farán mención da orixe do financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluíndo o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiamento adecuado nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos. Como a actuación está financiada tamén polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes deberase incluír tamén o logo correspondente.

"Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU"



4. Garantir o respecto ao principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (principio DNSH polas súas siglas en inglés, «Do No Significant Harm») e o etiquetado climático e dixital, de acordo co previsto no PRTR, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

5. Asegurar a regularidade do gasto subxacente e a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de intereses e o dobre financiamento.

6. Cumprimentar unha declaración responsable de ausencia de conflito de intereses (DACI) en todos os procedementos de adxudicación de contratos, conforme ao modelo establecido na Orden HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. A DACI deberá estar asinada por todas as persoas intervinientes no procedemento de adxudicación.

7. Seguir os principios ou criterios específicos establecidas nos artigos 2 e seguintes da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Décimo primeiro. Datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.

2. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.

“Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU”



3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

Décimo segundo. Control e loita contra a fraude

O centros beneficiarios someteranse ás actuacións de control que realice a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e de control do destino das axudas.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto na web:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Así mesmo, a Xunta de Galicia ten a disposición da cidadanía un canal de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude a través do Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI):

https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=es_ES

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

"Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU"



No control e loita contra a fraude a Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades actuará de conformidade co establecido no seu plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude aprobado o 18 de febreiro de 2022.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

“Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU”

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



Anexo I

SOLICITUDE PROGRAMA DE MANTEMENTO/INCORPORACIÓN Á REDE DE CAPACITACIÓN DIXITAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 2024				
CENTRO EDUCATIVO-CÓDIGO DO CENTRO				
Nº de postos previstos na aula de capacitación dixital do centro				
A formación na aula de capacitación dixital vai ser impartida por docentes con destino no centro educativo?		SI* O NON O		
*En caso de que sexa persoal docente con destino no centro cumprimente a seguinte táboa				
Nº	Nome e apelidos do docente	DNI	A1/A2	n.º cursos (30h)
Nº de cursos de capacitación dixital (30 horas) que ten previsto impartir o centro no ano 2024				
Nº de persoas que está previsto capacitar no ano 2024				
Ten o centro posibilidade de habilitar unha segunda aula de capacitación dixital? Si Non				

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa:	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

SINATURA DO DIRECTOR/A DO CENTRO EDUCATIVO

Lugar e data de de 2024

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL

"Actuación financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e pola Unión Europea-NextGenerationEU"

